



CONCELLO DE LOBIOS

**MINUTA DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENARIO MUNICIPAL
DO DÍA 27 DE OUTUBRO DO 2006.**

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente

D. Benito Vázquez Vázquez.

Concelleiros:

D. Enrique López Álvarez
D. Celso Paz León.
D. Jesús Rodríguez Rodríguez.
D. Antonio Estevez González
D. Juan Carlos Pérez Paz.
D. Francisco Veloso González
D. Juan Manuel Ferreira Ferreira
D. Xesús Deibe Fernández Simo

Non asisten:

D. José Álvarez Pereira
D. Antonio Pérez González

Secretaria

D^a. María del Carmen Rodríguez
Fernández.

No salón de Sesións da Casa do Concello de Lobios, sendo as 21,05 horas do día 27 de outubro 2006, reúñense, previamente convocados ó efecto, os señores á marxe relacionados, coa finalidade de celebrar Sesión Ordinaria do Plenario do Concello de Lobios. Estando presentes 8 dos 11 membros que de dereito e de feito integran a Corporación, o Sr. Presidente declara validamente constituído o Plenario, polo que seguidamente pasase a considerar e no seu caso votar os asuntos ou expedientes que integran a Orde do Día, tal como consta na convocatoria desta Sesión, que se celebra en primeira convocatoria en acto público. Non estivo presente o inicio da Sesión o Sr. Concelleiro D. Francisco Veloso González, que se incorporou a sesión as 9'20 horas no intre en que se estaba a tratar o terceiro punto dos asuntos incluídos na orde do día.

Antes de iniciar a consideración dos asuntos que integran a orde do día o Sr. Alcalde quer deixar constancia de que o Sr. Concelleiro D. José Álvarez Pereira non pode asistir a esta Sesión, habendo excusado a súa presenza por motivos de saúde. Previamente por parte da Sra.. Secretaria fíxose entrega a cada un dos presentes dunha copia da relación de Decretos dos que se dará conta o Plenario, tal como consta no punto 5º da orde do día da convocatoria desta sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MINUTA DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 25 DE AGOSTO DO 2006.

Téndose remitido ós Srs. Concelleiros con anterioridade á convocatoria desta Sesión, unha copia da minuta da Acta da Sesión Ordinaria celebrada por este Plenario o



CONCELLO DE LOBIOS

día 25 de agosto do 2006, o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ó texto proposto, sen que se produzan reparos ou observacións.

O Sr. Alcalde somete a votación a minuta da Acta da Sesión Ordinaria do 25 de Agosto do 2006, resultando aprobada polo voto favorable dos seis membros do PP, votando en contra o Sr. Concelleiro do P.S.O.E. Sr. Ferreira Ferreira, o Sr. Concelleiro do BNG Sr. Fernández Simo.

2.- DACCION DE CONTA DA LIQUIDACION DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2.005

De orde do Sr. Alcalde, a Sra.. Secretaria procede a dar lectura o Decreto de data 10-10-06, en virtude do que decidiu a aprobación da liquidación do orzamento municipal do exercicio do 2.005, tal como está establecido nos artigos 191 do R.D. legislativo 2/2.004 de 5 de marzo e 90.1 do R.D. 500/90 de 20 de abril, no que se reflexan os seguintes datos:

“En relación co expediente que se tramita para a aprobación da liquidación do presuposto correspondente o exercicio 2005, e visto o informe favorable da Intervención do Concello.

De conformidade co establecido nos artigos 191 do R.D. Legislativo 2/2004 e 90.1 do R.D. 500/1990, do 20 de Abril , RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a liquidación do presuposto do Exercicio 2005, cuxas determinacións son as seguintes:

Resultado orzamentarios:

a) Dereitos recoñecidos netos.....	2.143.608,18€
b) Obrigacións recoñecidas netas.....	2.230.872,30€
c) Gastos financiados con Rte. Tesoreria	163.717,29€
d) Desviacións positivas de financiación	
e) Desviacións negativas de financiación	
Resultado orzamentario (a-b+c-d+e).....	76.453,17€

Dereitos y obrigacións pendentes a 31 de Decembro:

d) Dereitos pendentes de cobro presuposto	426.416,79€
e) Dereitos pendentes de cobro cerrados.....	78.682,99€
Total pendentes de cobro (d+e).....	505.099,78€
f) Obrigacións pendentes de pago presup	684.518,49€
g) Obrigacións pendentes de pago cerrados.....	109.288,06€
Total pendentes de pago (f+g)	793.806,55€



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Remanentes de crédito:

Remanentes de Crédito:59.006,09€

Remanentes de tesorería:

d) Dereitos pendentes de cobro orzamentario.....426.416,79€
e) Dereitos pendentes de cobro cerrados.....78.682,99€
h) Dereitos de difícil recadación
i) Fondos líquidos en tesorería.....254.016,48€
f) Obrigacións pendentes de pago presup.....684.518,49€
g) Obrigacións pendentes de pago cerrados.....109.288,06€
j) Saldos de operacións non orzamentarias.....-160.914,50€

Remanente de Tesorería (d+e+h+i-f-g-j).....126.224,21€

SEGUNDO: Que se de conta deste Decreto ó Pleno do Concello na primeira sesión que celebre.

TERCEIRO: Que se remita copia da liquidación que se aprobe á Administración do Estado, a través da Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda, e a Comunidade Autónoma, a través da Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Dado en Lobios, a dez de Outubro do 2006.firmado Alcalde; Ante mi la Secretaria.”

A Corporación dáse por enterada, manifestando o Sr. Alcalde que proximamente vai a ser convocada a Comisión Informativa de Facenda e Contas para dictaminar a conta resultante desta liquidación, para ser sometida posteriormente a información pública antes de pasar o Pleno para a súa aprobación se procedese; de todos os xeitos, tamén manifesta o Sr. Alcalde que toda a documentación xustificativa desta liquidación está a disposición dos Sres. Concelleiros.

3.- MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G.

Téndose presentado polo Sr. Portavoz deste grupo 4 mocións, pásase seguidamente a considerar de xeito independente cada unha delas:



CONCELLO DE LOBIOS

a) MOCION SOBRE O PAVILLON DE DEPORTES

O Sr. Alcalde invita o proponente que defenda a súa moción relativa o futuro do Pavillón de Deportes no que expón a posibilidade de que este edificio dera cabida no futuro a un Pazo de Exposicións da Baixa Limia, dándolle un uso multifuncional no que desenvolver actividades de todo tipo que contribúan a dinamización Social, cultural e económica do Concello, descartando a posibilidade do seu derribo.

O Sr. Fernández Simo di que con motivo da entrega do novo Pavillón que se está a construír, non está previsto a utilidade do vello, e inda que nun Pleno pasado xa prantexou a decisión para a utilización do vello pavillón, o Pleno non decidiu nada. O criterio do grupo que el representa é de que debería ser dedicado para Exposición e Actividades Culturais que abarcaran a Comarca da Baixa Limia, dado o papel que lle corresponde o Concello de Lobios dentro da Comarca, considerando que con algunha axuda de outras institucións, podería moi ben ser destinado a actividade que propón.

Resposta o Sr. Alcalde para dicir que en principio inda non está decidida a dedicación do Pavillón antigo, facendo falta saber previamente o custo de adaptación para a actividade proposta; no seu momento procederase a estudar o destino deste Pavillón, xa que se barallan varias opinións, inda que a idea recollida na moción que se discute non parece mal, pero que o custo de adaptación pode ser un obstáculo, polo que de momento queda en suspenso a decisión a adoptar.

Replica o Sr. Fernández Simo, para manifestar que trátase de unha simple proposta no senso de que canto antes nos poñamos a traballar, mellor, considerando un erro retrasar a decisión, inda que sempre se descartará a opción do derribo.

Neste intre sendo as 9'20 horas, sen solicitar a venia do Sr. Alcalde incorpórase a sesión o Sr. Veloso González, que xa toma parte nos debates e votacións dos asuntos a tratar.

Para rematar a discusión desta moción, o Sr. Alcalde somete a votación a moción presentada que resulta rexeitada por 6 votos en contra, do P.P. 1 a favor, B.N.G. e 2 abstencións, P.S.O..E.

Asemesmo, somete a votación a súa proposta consistente en deixar pendente para estudio e determinación do custo da adaptación deste local, proposta que resulta aprobada por 6 votos a favor, do P.P., e 3 en contra, 1 do B.N.G. e 2 do P.S.O.E.

b) MOCION SOBRE LOCAL SOCIAL EN RIOCALDO

Da mesma forma que no caso anterior, o Sr. Alcalde invita o Sr. Concelleiro proponente a que defenda a súa moción relativa a creación dun local social na parroquia de Riocaldo.

O Sr. Deibe empeza por dicir que os veciños de Riocaldo non dispoñen dun lugar para celebrar calquera tipo de reunión, nin sequera para ir a votar cando son eleccións, xa que o teñen que facer nun bar; logo das manifestacións feitas polo Sr. Alcalde en pleno pasados xa tivo contactos para tratar de solucionar o problema, constándolle a posibilidade de que a Comunidade de Montes ceda algún terreo para a construción deste local, así como a boa disposición da administración galega para colaborar co Concello, pretendendo que nas



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

próximas eleccións municipais poda estar dispoñibles un local digno que acolla o Colexio Electoral.

O Sr. Alcalde resposta que xa se tratou noutros Plenos e que o Presidente da Xunta Recta de Montes fixera unha proposta dun terreo onde existe unha poza de regadío, pero nese lugar non é posible facer obra algunha, tratándose dun solo rústico no que non se pode facer este tipo de edificacións. Ante isto fíxolle a proposta de que buscaran un terro ou casa onde se poida levar a cabo esta construción ou rehabilitación de acordo con P.X.O.M. por escrito. Non é un problema do Concello, senón dos veciños que aínda non fixeron ningunha outra oferta, quedando esta Alcaldía compracido de que aparecera ben unha casa, ou un terreo aptos para este fin.

O Sr. Deibe manifesta que retiraría a moción no caso de que no prazo de dous meses se comprometesese o Sr. Alcalde, a traer unha proposta concreta, circunstancia que deben saber os veciños de Riocaldo, así como os responsables da Xunta Rectora de Monte e Asociacións de Veciños, posto que deduce que do manifestado polo Sr. Alcalde, estaría en boa disposición para levar a cabo estas obras.

Replica o Sr. Alcalde, para dicir que se compromete a obter unha resposta nun prazo breve, ratificando esta postura o Sr. Concelleiro de P.P. Sr. López Álvarez. No turno de intervención do portavoz do P.S.O.E Sr. Veloso González manifesta que todo o que sexa axudar de forma seria a parroquia, o aceptaría, pero insistindo en que si a proposta é considerada en serio. O Sr. Deibe solicita da Alcaldía que someta a votación a súa proposta de retirar a súa moción sempre que se traia nun prazo de dous meses unha proposta concreta. A Corporación por unanimidade acorda retirar esta moción.

c).- MOCION SOBRE DEPOSITO AUGA ABASTECIMIENTO DE XENDIVE.

Comenza o Sr. Deibe dicindo que durante o verán produxéronse numerosos cortes de auga no pobo de Xendive, estimando que cun pequena ampliación do depósito sería suficiente para corrixir esta deficiencia; tería que aproveitarse para esta actuación os meses de inverno .

Resposta o Sr. Alcalde, dicindo que en un principio o problema xa está solucionado, pois non era por unha carencia do depósito senón que o que pasaba era que os manantiais estaban atascados, polo que se mandou unha máquina da Deputación para limpiarllos e a escasez de auga desapareceu; tamén se está en situación de buscar 3 novos manantiais para o que xa se pediu a concesión a Confederación Hidrográfica con remisión do informe sanitario da Auga a través do Convenio asinado coa Deputación. Tamén e convinte dicir que o abastecemento de Xendive é de titularidade do pobo e non do Concello.

Replica o Sr. Deibe que a moción presentada era para concienciar do problema o Pleno, polo que a retira, facendo constar que tódolo que dixo o Sr. Alcalde, figure en acta. O Sr. Veloso intervén para dicir que a súa postura é a mesma que a manifestada anteriormente en relación co local de Riocaldo.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

d).- MOCION SOBRE TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO

Defende o Sr. Deibe dicindo que, a vista das numerosas reclamacións solicitando a exención do pagamento desta taxa, é indudable que se creou incertidumbre nos contribuíntes dado que a ordenanza municipal aprobada pode resultar ambigua por non estar claros os motivos das exención: Ruínas dos edificios, segunda residencia, persoas con casa valeiras, etc.. A súa opinión é que os criterios da exención deberían ser amplamente públicos e publicados.

Resposta o Sr. Alcalde dando lectura a un anuncio publicado con data 16 de maio pasado, en cada unha das parroquias no que se invitaba a tódolos veciños a consultar os seus datos incluídos no Padrón para a exacción desta taxa, antes de proceder a aprobación do mesmo, permitindo corraxir así os erros contidos no proxecto do Padrón. De tódolos xeitos moitos non fixeron caso do anuncio polo que cando se pasou o cobro esta taxa empezaron a presentarse reclamacións, que son resoltas pola Xunta de Goberno, comprobando sempre os motivos alegados para conceder a exacción nos casos en que proceda, xa que moitas das reclamacións non foron atendidas, fundamentalmente as referidas a aquelas vivendas que resultan habitables, inda que esten pechadas gran parte do ano, tal como se recolle na propia ordenanza.

O Sr. Deibe solicita que os técnicos fagan un traballo de campo, que se publique un Bando aclaratorio do contido da ordenanza, pois o que se está a facer pola Xunta de Goberno, afecta a aqueles contribuíntes con un nivel mais alto de formación que lles permite reclamar, mentras que outros veciños pagan e calan.

O Sr. Alcalde contesta que se fará un Bando aclaratorio.

O Sr. Veloso, intervén para manifestar que resulta un atrevemento o cobro dun imposto cando hai problemas contables e o único que se busca é cartos a través da Recadación.

Sometido a votación a publicación dun Bando aclaratorio no senso exposto, resulta aprobado por unanimidade dos presentes.

4.- APROBACION, SI PROCEDE, DAS CONTAS XERAIS DOS ANOS 2.001-02-03-04.-

De orden do Sr. Alcalde, por parte da Sra.. Secretaria, infórmase a Corporación do trámite dado ás contas relativas os anos 2.001,02-03 e 04, constando dictame da Comisión Informativa de Facenda e Contas, logo de que estiveran a disposición dos membros da Comisión e dos concelleiros en xeral, de tódolos anos, cós xustificantes integrados nas contas (Mandamentos de ingresos e pagos, cos xustificantes existentes), actas de arqueo mensuais, decretos de aprobación das liquidacións, certificación do acordo da Comisión Informativa de Facenda e Contas, dictaminando favorablemente cada unha das contas, acreditación do sometemento a información pública da conta de cada un dos anos e certificación do resultado desta información pública, acreditativa de que non se presentaron reclamacións.

Logo desta información, toma palabra o Sr. Fernández Simo, Concelleiro do B.N.G. reiterando o xa manifestado con motivo da aprobación das contas do ano 1.997 o 2.000, engadindo que se trata dunhas contas relativas a uns anos que el non era



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concelleiro e que polo tanto non participou en ningunha das decisións tomadas respecto os orzamentos e pagamentos feitos en estes anos. De tódolos xeitos, quere manifestar a anómala situación tanto na forma como no fondo, tal como se desprende do Informe de fiscalización do Consello de Contas, quedando claro que se cometeron múltiples irregularidades, anunciando o seu voto en contra.

Seguidamente intervén o Sr. Veloso González, como calidade de voceiro do P.S.O.E., para dicir que se trata do punto mais importante desta sesión, e seguindo as indicacións feitas polo seu partido, manifesta que lle da vergoña estar fronte o fraude cometido, e para evitar a súa responsabilidade e das dos seus compañeiros do partido, para non ser cómplices da masacre económica que se fixo, solicitou anteriormente informe da Secretaria, que non se lle facilitou, solicitando que conste en acta o seu escrito dirixido a Alcaldía de data 11 do presente mes, solicitando que se emita informe detallado sobre a rendición destas Contas.

Respóstalle o Sr. Alcalde, dicindo que ten as contas estiveron e están a súa disposición para examinalas, e tomar cantas notas considere oportuno engadindo que por elo non se lle fará entrega de ningún informe, ni por escrito nin verbal.

Continua manifestando o Sr. Veloso a incompetencia da Sra.. Secretaria-Interventora, facendo constar que non ten estudos de dereito nin económicas y tendo o Concello que solicitar da Deputación un asesor, desinado polo Sr. Baltar que percibe mensualmente mais de 3.000 euros, e que outro problema é a aprobación de golpe das contas de varios anos, cando se carece dun Secretario-Interventor de carreira para desempeñar a función interventora, o que leva a nulidade do acordo de aprobación destas contas. Sigue o Sr. Veloso facendo mención, por indicacións do seu partido, o informe de fiscalización do Consello de Contas, facendo fincapé nas irregularidades postas de manifesto nas 26 follas de que consta o informe, e tal como se di na folla 2ª do informe “non se achegou soporte documental xustificativo de gran nº de mandamentos de ingresos e pagamentos, non consta a existencia de base de execución dos orzamentos, nin se achegaron expedientes de modificación de créditos “. O informe continua dicindo que non se aportaron as relacións nominais de debedores e acreedores, etc. Respeto os cargos electos di o informe que non consta acordo do pleno establecendo as percepcións destes cargos e que as Corporacións anteriores nunca percibiron retribucións do Concello, concluíndo que queira Deus que non caia este documento en mans de un fiscal.

Polo que respecta o endebedamento a longo prazo, o informe de fiscalización pon de manifesto que no Balance de Situación a 31-12-2002, aparece unha débeda viva de 114.839´42 € verificando o Consello de Contas que a débeda viva a data citada ascende a 121.825´81 € polo que deberá regularizarse a diferenza de 6.986´39 €

Seguidamente fai entrega a Sra.. Secretaria de unha folla que contén as conclusións e recomendacións que o Consello de Contas fai como remate do seu informe, solicitando da Sra.. Secretaria que proceda a dar lectura a tales conclusións, o que replica o Sr. Alcalde dispoñendo que a Sra.. Secretaria non proceda a lectura solicitada, e que sexa o propio Concelleiro, Sr. Veloso, quen de lectura a tales conclusións, o que fae seguidamente, con algunhas consideracións persoais sobre estas conclusións e recomendacións, rematando a súa intervención dicindo que o Concello de Lobios, é o primeiro Concello de España, onde se levan a aprobación, no mesmo día as contas de 4



CONCELLO DE LOBIOS

anos , polo que pide a dimisión do Sr. Alcalde y Tesoureiro, xa que o Secretario-Interventor actuante durante os 4 anos das contas que se trata de aprobar xa está xubilado; unha solución para terminar con este caos é o nomeamento de un Secretario-Interventor novo, xa que si a este funcionario se lle pide un informe, ten a obriga de dalo, e se ouvera nestre intre un Secretario de carreira non se oubera traído estas contas a aprobación. Esta é unha situación que leva a comparar o Concello de Lobios có de Marbella.

Por último intervén o Sr. Alcalde, dirixíndose o Sr. Veloso que ven repetindo reiteradamente, sempre o mesmo. O Secretario actuante durante o período a que se refiren as contas era un Secretario de carreira. O que estamos facendo é o que nos recomendou o Consello de Contas no apartado 6.2 do seu informe, que DI: “ deberase proceder con urxencia a formación e aprobación das contas xerais atrasadas...”

Ante estas intervencións do Sr. Alcalde, o Sr. Veloso, xa como en anteriores ocasións fixo neste pleno, fai unha serie de xestos non adecuados que leva o Sr. Alcalde a facerlle unha chamada de atención, dicindo incluso que pese a súa condición a avogado non coñece a lei, replicando o Sr. Veloso, dirixíndose a Sra.. Secretaria para que faga constar na acta que o dicente non coñece a lei.

O Sr. Alcalde, da por rematada a discusión e debate, propoñendo a aprobación das contas xerais dos orzamentos municipais dos exercicios económicos 2.001, 2.002, 2.003 e 2.004, votando a favor da súa aprobación, na forma en que están rendidas os 6 señores Concelleiros integrados no grupo municipal do P.P. y votando en contra os dous membros presente do grupo municipal do P.S.O.E y o Sr. Concelleiro de B.N.G.

A vista desta votación, o Sr. Alcalde declara que o Pleno de Concello, por 6 votos a favor e 3 en contra, aprobou as Contas Xerais dos exercicios económicos dos anos 2.001, 2.002, 2.003 e 2.004.

5.- DECRETOS E RESOLUCIONS DA ALCALDIA

De conformidade co disposto no art.. 42 do R.O.F. o Sr. Alcalde dispón que por parte da Sra. Secretaria dese sucinta conta á Corporación dos seus Decretos e Resolucións dictados dende a última Sesión Ordinaria do Pleno, que neste caso foi a do 25 de agosto pasado, e que son os seguintes:

- Decreto 10/08/2006:** Nomeamento Secretaria de Xulgado de Paz.
- Decreto 23/08/2006:** Gratificación a David de José Fernández.
- Decreto 30/08/2006:** Subvención para ANPA do Colexio de Lobios para excursión.
- Decreto 01/09/2006:** Gastos Setembro.
- Decreto 12/08/2006:** Convocatoria Comisión de Facenda e Contas para 15/09/2006.
- Decreto 12/09/2006:** Convocatoria Xunta de Goberno para 15/09/2006.
- Decreto 12/09/2006:** Aceptación Obras subvencionadas por Consellería de Medio Rural.
- Decreto 13/09/2006:** Designación tribunal como vocais e suplente oposición informático por parte del grupo de goberno.



CONCELLO DE LOBIOS

- Decreto 13/09/2006:** Designación tribunal como vocais e suplente oposición informático por parte de los Grupos da Oposición.
- Decreto 13/09/2006:** Designación tribunal como presidente e suplente oposición informático.
- Decreto 13/09/2006:** Designación como membro tribunal dun funcionario de carreira e suplente.
- Decreto 14/09/2006:** Aprobación certificación número 3 “Saneamento acceso Torno-Grou-San Miguel”.
- Decreto 15/09/2006:** Gratificacións a varios traballadores.
- Decreto 22/09/2006:** Convocatoria Xunta de Goberno para 26/09/2006.
- Decreto 26/09/2006:** Prazo para presentar reclamacións e presentación documentación sobre solicitudes praza de informático.
- Decreto 03/10/2006:** Devolución fianza proxecto arquitectónico de rehabilitación e creación “VÍA NOVA”.
- Decreto 05/10/2006:** Reintegro gastos conservación da vivenda que ocupou D. RICARDO MORENO BUENO.
- Decreto 09/10/2006:** Gratificación mensual para traballadores da brigada de obras.
- Decreto 09/10/2006:** Convocatoria Xunta de Goberno para 11 de Outubro 2006.
- Decreto 10/10/2006:** Decreto aprobación liquidación presuposto correspondente exercicio 2005.
- Decreto 24/10/2006:** Convocatoria Pleno día 27/10/2006.
- Decreto 24/10/2006:** Convocatoria Xunta de Goberno sesión 27/10/2006.

O Sr. Veloso manifesta que no Decreto de desinación como vocal titular da oposición para cubrir unha praza de informático, que corresponde os grupos da oposición, extráñalle que se fixera a desinación do Sr. Deibe, do grupo Mixto minoritario, en lugar de un membro do grupo do P.S.O.E. que conta con 4 membros na Corporación, o que resulta improcedente e non ético, o que fai dudar da transparencia desta oposición.

Por alusións replica o Sr. Deibe que gustaría deixar claro ante o Pleno que acepta de bo grado o nomeamento para ser vocal nesta oposición, engadindo que a expresión do Sr. Veloso sobre a dudosa transparencia sobre estas probas fixo sen ter motivos para duvidar da súa capacidade e imparcialidade, parecéndolle non oportuno prexuzgar os feitos antes de que acontezan.

6.-- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Deibe, pregunta como vai a xestión da Casa da Escusalla.

Formula o seguinte rogo: Que a publicación do Boletín de Información Municipal, mais que un Boletín informativo da vida do Concello, é un instrumento de publicitar o grupo de goberno, xa que a oposición non ten acceso a este boletín, polo que solicita que polo menos se dispoña de un espazo no boletín para ser utilizado pola oposición.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

O Sr. Veloso, seguindo as indicacións do seu partido, P.S.O.E., roga que se lle informe en que estado se topa unha reclamación respecto a algunhas irregularidades que existen neste Concello, ante o Tribunal de Contas de Madrid.

Pregunta cando se vai a tramitar o nomeamento de un Secretario-Interventor, rogando que entre tanto se contrate a un Secretario de un partido xudicial limítrofe, a fin de evitar os gastos do Asesor.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Señor Alcalde - Presidente procedese a levantala sesión sendo as 22,50 horas, de todo o que eu, a Secretaria, certifico.